



EXCMO. CONCELLO
DE TUI

DONA PILAR FERNÁNDEZ ALONSO, SECRETARIA DO CONCELLO DE TUI,

CERTIFICA: Que o Pleno da Corporación municipal, na súa sesión ordinaria realizada o **25 de abril de 2019** e no punto **6º** da orde do día relativo a "**Expediente 857/2019. Ditame favorable da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal realizada o día 22/04/2019, de proposta de Alcaldía, de data 15/04/2019, de aprobación de bases reguladoras e anexos da concesión de prestación de carácter económico para reparación de danos en vivendas da denominada "Zona Cero" situada en barrio da Torre, Parroquia de Paramos**", aprobou a emenda formulada, así como a proposta de Alcaldía cos cambios derivados da emenda aprobada, por unanimidade dos membros da Corporación (17 votos a favor) , adoptando o seguinte acordo:

"(.../...)

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

Primeiro.- O levantamento dos reparos interpostos pola Intervención Municipal no seu informe Desf. 37/2019 de data 15 de abril de 2019

Segundo.-Aprobar as seguintes bases reguladoras e anexos que figuran nas mesmas da concesión de prestacións de carácter económico para reparación de danos en vivendas da denominada "Zona cero" situada no barrio da Torre, na parroquia de Paramos, afectadas pola explosión de material pirotécnico do 23 de maio de 2018, condicionadas á entrada en vigor do expediente de Crédito Extraordinario 6/2019 (Modificación de Créditos 12/2019)

"BASES REGULADORAS DE AXUDAS PARA REPARACIÓN DE DANOS EN VIVENDAS DA DENOMINADA "ZONA CERO" SITUADA NO BARRIO DA TORRE, DA PARROQUIA DE PARAMOS, AFECTADAS POLA EXPLOSIÓN DE MATERIAL PIROTÉCNICO DO 23 DE MAIO DE 2018

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de maio, tivo lugar na parroquia de Paramos, Pontevedra, unha explosión de material pirotécnico que causou graves prexuízos persoais e materiais na zona. A explosión provocou o lamentable falecemento de dúas persoas, 37 feridos -dos cales 7 son menores- e un total de 792 persoas afectadas, así como efectos sobre numerosas vivendas. A magnitude das emerxencias descritas, as medidas necesarias para subvenir a grave perturbación das condicións de vida da poboación, o pleno restablecemento dos servizos públicos esenciais e, en definitiva, a recuperación da normalidade nas zonas afectadas, xustifican a intervención da Administración Xeral do Estado, desde o principio de solidariedade interterritorial e de maneira subsidiaria, complementando as actuacións que, en exercicio das súas competencias, teñen encomendadas as Administracións territoriais

Todo isto, deu lugar á declaración do Concello de Tui como zona gravemente por unha emerxencia de protección civil por Acordo do Consello de Ministros de data 07 de setembro de 2018. Polo Concello de Tui procedeuse, mediante Acordo de Xunta de Goberno Local de data de 11 de xuño de 2018 a convocar axudas e aprobar as "Bases reguladoras e convocatoria da concesión de prestación de carácter económico para situacións de emerxencia social para os damnificados pola explosión de Paramos" e por Acordo de Xunta de Goberno Local de data de 15 de outubro de 2018 á modificación destas, resultando articuladas tales axudas en orde a paliar situacións de emerxencia social que puideran terse derivado da citada explosión de material pirotécnico, con encaixe, polo tanto, na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social de Galicia e da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia. Tratándose, en consecuencia, dunhas axudas que tiñan por finalidade a de atender as situacións de grave emerxencia de persoas ou familias en situación de vulnerabilidade a consecuencia de dito accidente e das que se puidera desencadear un proceso de exclusión social e resultando vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda habitual, por destrución ou danos nos enseres domésticos de primeira necesidade e a necesidades básicas (alimentos e gastos sanitarios e sociosanitarios).

Xunto coas citadas situacións de emerxencia social, en atención á gravidade dos danos sufridos nas vivendas do barrio da Torre, situado na parroquia de Paramos, se debe proceder ao establecemento de axudas motivadas no interese público e social correspondente coa reconstrución das vivendas afectadas pola explosión de material pirotécnico, ao obxecto de poder ir recuperando na medida do posible a normalidade da convivencia na zona e evitar o abandono de vivendas afectadas por dito incidente a consecuencia da imposibilidade de asumir a súa reconstrución polos seus titulares, nos termos que se derivan das previsións do art. 2.1.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O procedemento a seguir non é o xeral de concorrència competitiva que fixa o art. 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, pois resulta implícita nas axudas a conceder en atención ao feito de tratar de paliar os danos derivados da explosión de material pirotécnico que ten dado lugar á declaración do Concello de Tui como zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil, as razóns de interese público e social que dificultan unha convocatoria pública, encaixándose éste en consecuencia, nas previsións do art. 22.2.c), e art. 28 de dita norma e art. 67 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

As presentes bases regulan e convocan as axudas destinadas a sufragar os danos causados nas vivendas da coñecida como "zona cero" do barrio da Torre, situado na parroquia de Paramos afectadas pola explosión de material pirotécnico producida o 23 de maio de 2018.

Achegándose xunto coas bases da presente convocatoria o anexo I no que se declara a denominada "zona cero", servindo como referente para a otorgación da citada subvención.

Artigo 2. Natureza das axudas

A concesión destas axudas terá carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, do que poidan ser beneficiarias as persoas afectadas.

Cando os mencionados sistemas non cubran a totalidade dos danos producidos, as axudas previstas nestas bases reguladoras concederanse con carácter complementario e serán compatibles en concorrència con outras subvencións, indemnizacións, axudas, ingresos ou recursos procedentes de sistemas públicos ou privados, estatais, autonómicos ou internacionais, sempre que o importe total concedido por todas elas non supere o 100 % do valor de reposición neto da vivenda danada, tomando como data para efectuar a valoración o minuto anterior ó momento da explosión do 23 de maio de 2018, dacordo co RD 1492/2011, do 24 de outubro, polo que aproba o regulamento de valoracións da lei do solo.

Artigo 3. Crédito orzamentario

As axudas establecidas nesta Orden resultarán imputadas a aplicación orzamentaria 1522/780.04/95 do Orzamento de Concello de Tui, por importe de 857.149,89 € para o exercicio 2019.

Artigo 4. Obrigas das persoas beneficiarias

Ademais das establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as persoas beneficiarias das axudas concedidas ao amparo destas bases reguladoras terán, segundo os casos, as seguintes obrigas:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.

2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade que fundamentou a súa concesión e o seu custo real.

3. Destinar as axudas percibidas ao obxecto concreto para o cal foron concedidas e realizar as actuacións que integran o proxecto subvencionado.

4. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse de forma inmediata ao seu coñecemento e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

6. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o Concello de Tui e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

7. Ceder ao Concello de Tui todas as accións de que dispoña a persoa beneficiaria para a reclamación das cantidades aportadas por dito Concello ás persoas causantes do sinistro, sen perxuízo do dereito da persoa beneficiaria a reclamar polos danos e perxuízos sufridos que non sexan obxecto da axuda ou que excedan desta.



EXCMO. CONCELLO
DE TUI

8. *Subministrar ao Concello de Tui, logo de requirimento para o efecto, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.*

9. *As demais obrigas que se derivan destas bases reguladoras.*

Artigo 5. Causas de denegación das subvencións

1. *Será causa de denegación da subvención o incumprimento dalgúns dos requisitos esixidos na normativa que rexe estas subvencións.*

2. *Así mesmo, serán denegadas aquelas solicitudes que non dispoñan de cobertura orzamentaria no momento da súa resolución.*

Artigo 6. Modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas, excepto os casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 19 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 7. Perda e reintegro da subvención

Procederá o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 42 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cando concorra algún dos seguintes supostos:

a) *Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.*

b) *Incumprimento da obrigación de xustificar o pago da actuación nos termos establecidos nestas bases reguladoras.*

c) *Incumprimento, no seu caso, da obrigación de destinar os bens ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención, durante un período mínimo de cinco anos, de acordo co previsto no artigo 31 da Lei 38/2003.*

d) *Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 37 da devandita lei, así como o incumprimento de calquera outra que resulte da normativa aplicable.*

Artigo 8. Forma de presentación das solicitudes

1. *As solicitudes presentaranse por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de Tui (<https://concellotui.sedelectronica.gal>).*

Tamén se poderán presentar as solicitudes presencialmente por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 9. Procedemento de concesión

1. *O procedemento de concesión iníciase de oficio mediante a publicación no B.O.P. destas bases reguladoras; o texto das cales poderá consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans>).*

O texto íntegro das presentes bases estará dispoñible tamén no Taboleiro de Anuncios do Concello, así como na súa páxina web (www.concellotui.org).

2. *Se a solicitude presentada non reúne os requisitos esixidos, requirirase á persoa solicitante para que no prazo de dez días hábiles enmiende ou remita os documentos preceptivos, advertíndolle que, no caso de non atender o requirimento, terase por desistida da súa petición, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015.*

3. *Unha vez recibidas as solicitudes, o órgano instrutor remitirá ao Consorcio de Compensación de Seguros unha relación de persoas que solicitaron a subvención, facendo constar o nome, apelidos e DNI, aos efectos de coñecer as posibles indemnizacións que as persoas interesadas puidesen recibir neste concepto.*

4. *O órgano instrutor poderá solicitar os informes que estime pertinentes e, en especial, os informes relativos á ruína das vivendas danadas. Unha vez completado o expediente e feitas as comprobacións oportunas, elevará a proposta de resolución de cada expediente ao Pleno ou órgano ao que delegue quen, á vista delas e tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria, resolverá o que, conforme a dereito, proceda.*

Artigo 10. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas practíquense ou deixen de practicar polos devanditos medios.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel).

3. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, se practícará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 11. Publicidade das subvencións concedidas

De conformidade co previsto no art. 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, se realizará publicidade das subvencións concedidas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

CAPÍTULO II

Regulación das axudas destinadas a reparar os danos ocasionados nas vivendas da denominada "Zona Cero" situada no barrio da Torre da parroquia de Paramos afectadas pola explosión de material pirotécnico producida o 23 de maio de 2018.

Artigo 12. Requisitos específicos das persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas propietarias ou usufructuarias que sufrisen danos que afecten á súa vivenda, tanto resulte vivenda habitual como se trate de segunda vivenda.

A estes efectos, defínese, definiremos como primeira vivenda aquela na que o propietario ou usufructuario reside de maneira habitual, debido a vínculos profesionais e/ou persoais. Cando o solicitante non acredite a residencia habitual, o órgano tramitador considerará esta vivenda como segunda residencia.

A condición do inmovible como primeira vivenda acreditarase polo solicitante mediante certificado de empadramento na mesma.

A condición do inmovible como segunda vivenda acreditarase polo solicitante mediante facturas de consumos (auga, luz, gas etc) cunha antigüidade igual o inferior aos 6 meses previos a explosión.

Artigo 13. Actuacións subvencionables e contías das axudas

As actuacións subvencionables e as correspondentes contías son as seguintes:

1. Serán obxecto de axuda a reconstrución ou reparación dos danos causados pola explosión na vivenda que constituía a residencia permanente e habitual dos seus moradores ou segunda residencia e nas súas edificacións auxiliares, entendendo que estas edificacións son aquelas vinculadas á vivenda principal ubicadas na mesma parcela que non pode ser segregada nin utilizada independentemente de aquela por terceiro, sen poder alcanzar a axuda a danos xa indemnizados, a medio doutras axudas aprobadas polo Concello de Tui ou por outras Administracións Públicas, así como por calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal, autonómico ou internacional, do que poidan ser beneficiarias as persoas afectadas.

Nos casos de rehabilitación ou reparación do inmovible dañado que constituían a residencia permanente e habitual dos seus moradores, a axuda concederase polo importe correspondente, ata cubrir como máximo o 100% do valor de reparación ou rehabilitación, sen que o importe de dita axuda, poida superar o precio de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral en Tui, e sempre co límite do valor de reposición neto definido, previamente no artigo 2 das presentes bases.

Nos casos de rehabilitación ou reparación do resto de inmovibles dañados que non constituían residencia permanente e habitual, a axuda concederase polo importe correspondente, ata cubrir como máximo o 90% do valor de reparación ou rehabilitación, sen que o importe de dita axuda, poida superar o precio de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral en Tui, e sempre co límite do valor de reposición neto definido, previamente no artigo 2 das presentes bases.

Para o caso de que os danos ocasionados determinasen a ruína da vivenda, a axuda concederase polo importe do 100 % do valor de reposición neto definido, previamente no artigo 2 das presentes bases, sen que o importe de dita axuda, poida superar o precio de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral en Tui.



EXCMO. CONCELLO
DE TUI

3. Aos efectos destas bases reguladoras, entenderase por vivendas ruinosas aquelas que se atopen nos supostos establecidos no artigo 141 na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

4. Aos efectos da determinación das contías máximas das axudas por danos na vivenda, se computará como superficie útil a correspondente á vivenda afectada pola explosión, segundo os datos que consten no catastro relativos á data do accidente, sen que, en ningún caso, poidan superarse os 180 m².

5. O prazo para a execución das obras non poderá ser superior a 24 meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión da axuda.

6. Aos efectos da determinación do custo total das obras, poderán incluír as actuacións preparatorias que se realizaron antes da data da presentación da solicitude, o custo da redacción dos proxectos, os honorarios dos profesionais que interveñan, os informes técnicos e certificados necesarios e, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas.

7. Quedan excluídas destas axudas as edificacións ruinosas e as que estivesen en situación de manifesto abandono, con carácter previo á explosión. Asimesmo, quedan excluídos desta axuda, en todo caso, os danos producidos na vivenda e leira na que se atopaba o material pirotécnico e as súas instalacións auxiliares.

8. Para os efectos destas bases reguladoras, o prezo da vivenda protexida de réxime xeral en atención á consideración do Concello de Tui como concello da zona territorial I, de conformidade co anexo I do Decreto 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia, será o seguinte:

- 1.212,80 €/m² para as vivendas
- 727,68 €/m² para os garaxes, edificacións auxiliares e rochos en sótanos ou cerrados
- 606,40 €/m² para os garaxes, edificacións auxiliares e rochos en superficie de parcela e abertos.

Artigo 14. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de tres (3) meses, contados a partir do mesmo día da data de publicación destas bases reguladoras no BOP, finalizando, en todo caso, co esgotamento da dotación orzamentaria da convocatoria.

Artigo 15. Solicitudes

1. As solicitudes xunto coa documentación esixida presentaranse no Rexistro municipal, segundo o modelo que se adxunta (**ANEXO II**). As solicitudes que se presenten se dirixirán á Alcaldía do Concello, dende onde se remitirán ao departamento de Intervención, coa finalidade de verificar a existencia de crédito adecuado e suficiente en atención a natureza do gasto pretendido e, ao servizo de urbanismo municipal ao fin de que emitan informe sobre a oportunidade da obra pretendida e os trámites que son necesarios para a concesión da licenza.

2. No modelo de solicitude realizaranse as seguintes declaracións:

a) Declaración de non solicitar ou obter outras axudas, ingresos e/ou recursos procedentes doutro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, para a mesma finalidade. No caso de solicitar ou obter algunha outra axuda, ingreso e/ou recurso deberá indicarse cales son e o seu importe.

b) Compromiso de comunicar calquera outra axuda, ingresos e/ou recursos procedentes doutro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, que lle sexa concedido para a mesma finalidade e o seu importe.

c) Declaración de non estar incurso na inhabilitación para a obtención das axudas prevista no artigo 13.2 Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

d) Declaración da persoa solicitante de que é propietaria ou usufrutuaria da vivenda danada.

e) Declaración de que todos os datos da solicitude e dos documentos que se achegan son certos.

3. Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Título ou documento admisible en dereito que acredite a condición da persoa propietaria ou usufrutuaria.

b) Memoria valorada por técnico/a competente de conformidade co disposto na Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación, da reposición dos danos sufridos na vivenda danada e nas edificacións auxiliares.

c) Copia da póliza de seguro ou, de non ter seguro, declaración xurada de que os danos na vivenda danada non estaban asegurados.

d) Certificación Bancaria onde o solicitante conste como titular dun número de conta.

e) No caso das primeiras vivendas, acreditación do padrón municipal ou calquera outro documento admitido en dereito que xustifique a súa residencia habitual.

f) Facturas de consumos (auga, luz, gas etc) cunha antigüidade igual o inferior aos 6 meses previos a explosión.

4. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións Públicas:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante e, no seu caso, da persoa representante.

b) Certificado de empadramento na vivenda danada da persoa solicitante.

c) Datos catastrais correspondentes á persoa solicitante.

d) Información sobre ausencia de débedas coa AEAT, ATRIGA, Concello de Tui e Seguridade Social.

Artigo 16. Resolución e recursos.

1. A resolución estimará, desestimaré ou inadmitirá a axuda solicitada. Na resolución estimatoria indícarase a persoa beneficiaria, o concepto (ruína, rehabilitación ou reconstrucción), o importe da axuda concedida e o prazo concedido para reparar os danos na vivenda e nas súas edificacións auxiliares.

2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de 2 meses, contado desde a data de presentación de solicitudes. Finalizado o citado prazo sen que se dite e notifique a resolución, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

3. As resolucións ditaranse por rigorosa orde cronolóxica de entrada das solicitudes no Rexistro do Concello de Tui, até esgotar o crédito orzamentario dispoñible. A tal fin, considerarase data de presentación da solicitude aquela en a que conste como válidamente presentada, por cubrirse na forma correcta e vir acompañada da totalidade dos documentos esixidos nesta orde.

4. Contra a resolución da Alcaldía-Presidencia do Concello de Tui poderá interporse recurso de reposición. O prazo para a interposición deste recurso será dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

Artigo 17. Xustificación da subvención

Dentro do prazo concedido na resolución de concesión, o beneficiario presentará a seguinte documentación xustificativa da correcta execución da actividade subvencionada:

a) Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

b) Fotografías que mostren as obras realizadas.

c) Copia de tres orzamentos, de conformidade co establecido no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no caso de que o importe do gasto subvencionable da actuación supere a contía de 40.000 euros.

B. Para a comunicación final das obras presentarase a seguinte documentación:

a) Certificado de finalización da obra ou memoria dos danos reparados, no seu caso.

b) Relación detallada doutros ingresos ou das subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do seu importe e a súa procedencia.

2. Os prezos das partidas de obras deberán axustarse aos prezos medios de mercado, podéndose tomar como referencia a base de datos de construción de Galicia.

3. No caso de que o ritmo de execución das obras fose diferente ao establecido na resolución de concesión, poderán reaxustarse, previa solicitude da persoa beneficiaria, as anualidades mediante acordo do Pleno do Concello de Tui.

4. No caso de que non se presentase a xustificación da anualidade correspondente nos prazos indicados, nin se procedese a un reaxuste das anualidades, perderase o dereito ao cobro da parte da subvención correspondente á citada anualidade, o que será notificado á persoa beneficiaria a través da oportuna resolución da Alcaldía-Presidencia do Concello de Tui.

Artigo 18. Pago das subvencións

1. O pago da subvención realizarase previa xustificación, polo beneficiario, e na parte proporcional á contía da subvención xustificada, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, salvo que en atención á natureza daquela, dicha normativa prevexa a posibilidade de realizar pagos anticipados, de acordo co previsto no artigo 34.4 da Lei Xeral de Subvencións, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Estes pagos realizaranse mediante transferencia bancaria na conta da persoa beneficiaria indicada na solicitude

2. Con carácter xeral, salvo que as bases reguladoras establezan o contrario e en función das dispoñibilidades orzamentarias, realizaranse pagos anticipados nos termos e condicións previstos no artigo 34.4 da Lei Xeral de Subvencións nos supostos de subvencións destinadas a financiar proxectos ou programas de acción



EXCMO. CONCELLO
DE TUI

social e cooperación internacional que se concedan a entidades sen fins lucrativos, ou a federacións, confederacións ou agrupacións das mesmas, así como subvencións a outras entidades beneficiarias sempre que non dispoñan de recursos suficientes para financiar transitoriamente a execución da actividade subvencionada.

Artigo 19. Pagos a conta

1. De conformidade ao establecido no artigo 34.4 Lei Xeral de Subvencións, poderán realizarse pagos a conta de até o 80 % da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, que non poderá exceder da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Estes abonos a conta poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por cuantía equivalente á xustificación presentada.

2. Os pagos á conta estarán exentos da obrigaçión de constituír garantías de conformidade cos artigos 42 e 43 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Artigo 20. Pagos anticipados

1. De conformidade co artigo 34.4 Lei Xeral de Subvencións, poderán realizarse pagos anticipados ás persoas beneficiarias de até o 50 % da subvención concedida, que non poderán exceder da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

2 Os pagos anticipados estarán exentos da obrigaçión de constituír garantías, de conformidade cos artigos 42 e 43 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Artigo 21. Inspección e control

O Concello poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades subvencionadas e terá acceso a toda a documentación xustificativa destas, así como a requirirles aos/ás beneficiarios/as nos termos que precise, todo iso de conformidade co disposto no Título III Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 22. Infraccións e sancións

O réxime de Infraccións e Sancións será o establecido no Título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de axudas para un mesmo contexto, sempre que non sexan complementarias con cargo a créditos doutras administracións públicas, constituirán causa determinante para a revogación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou a aplicación da prestación a fins distintos dos previstos dará lugar á cancelación da axuda e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades para reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 23. Interpretación

A interpretación do disposto nas presentes bases, así como para todo aquilo que non se mencione nela, será competencia do órgano que as concede.

Artigo 24. Protección de datos

De acordo co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Concello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos) infórmase de que os datos de carácter persoal que se faciliten na participación do presente procedemento serán



EXCMO. CONCELLO
DE TUI

ANEXO II: SOLICITUDE

Nº EXPEDIENTE
(A cubrir pola Administración)

DATOS DO SOLICITANTE

<i>NOME E APELIDOS</i>	<i>D.N.I.</i>
<i>ENDEREZO</i>	<i>C.P.</i>
<i>TELÉFONO</i>	<i>e-mail</i>

DATOS DO REPRESENTANTE (se procede)

<i>NOME E APELIDOS</i>	<i>D.N.I.</i>
<i>ENDEREZO</i>	<i>C.P.</i>
<i>TELÉFONO</i>	<i>e-mail</i>

DECLARO:

Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que xunto son certos, non existindo omisión de datos.

Que son coñecedor/a das posibles responsabilidades administrativas e incluso penais existentes en supostos de ocultación, falseamento de datos ou calquera outra actuación fraudulenta para obter as axudas dirixidas a cobertura das mesmas necesidades.

Que non recibin axudas polo mesmo concepto por parte doutro organismo, entidade ou Administración de carácter público ou privado, benéfica ou asistencial, que cubran a totalidade da necesidade pola que se solicita a prestación.

Que si recibin axudas ou as teño solicitadas, polos mesmos conceptos que esta axuda por parte de _____ por un total _____ €, en data _____

Que se compromete a comunicar calquera outra axuda, ingresos e/ou recursos procedentes doutro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, que lle sexa concedido para a mesma finalidade e o seu importe.

Non estar incurso na inhabilitación para a obtención das axudas prevista no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Ser propietario/a ou usufructuario/a da vivenda danada.

Que achego a documentación preceptiva segundo se recolle nas bases e

SOLICITO:

Que, logo de efectuados os trámites oportunos, dite a resolución pola que se acorde a concesión da axuda.

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA:

	DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA CONDICIÓ DA PERSOA PROPIETARIA OU USUFRUCTUARIA DA VIVENDA DANADA
	MEMORIA TÉCNICA VALORADA
	COPIA DE POLIZA DE SEGURO
	DECLARACIÓN XURADA DE NON ATOPARSE ASEGURADOS OS DANOS NA VIVENDA
	CERTIFICACIÓN BANCARIA ONDE O SOLICITANTE CONSTE COMO TITULAR DUN NÚMERO DE CONTA.

COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta nas Administración Públicas.	OPÓÑOME Á CONSULTA En caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán riscalo no cadro correspondente e aportar unha copia dos documentos
D.N.I. <input type="checkbox"/>	
Certificado de empadramento do/a solicitante no que consten todos os membros da unidade familiar <input type="checkbox"/>	
Datos catastrais da vivenda <input type="checkbox"/>	
Certificado de estar ao corrente no pago cos deberes tributarios coa AEAT <input type="checkbox"/>	
Certificado de estar ao corrente no pago coa Seguridade Social <input type="checkbox"/>	
Certificado de estar ao corrente no pago cos deberes tributarios coa ATRIGA <input type="checkbox"/>	
Certificado de estar ao corrente no pago cos deberes tributarios co CONCELLO DE TUI <input type="checkbox"/>	

De acordo co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Concello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) infórmase de que os datos de carácter persoal que se faciliten na participación do presente procedemento serán incorporados nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Tui, con domicilio en Praza do Concello número 1, 36700 Tui, onde se poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

Mediante a participación no presente procedemento, os titulares dos datos persoais facilitados consenten expresamente o seu tratamento coa finalidade de levar a cabo a tramitación deste procedemento.

Sinatura do Solicitante ou Representante Legal

„Tui, a __de _____ de 2019
”

Terceiro.- Autorizar o gasto polos importes máximos e con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

2019.1.1522.78004.95.....857.149,89 €

Cuarto.- Ordenar a súa inserción na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Quinto.- Ordenar a súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, así como na páxina web do Concello de Tui (www.concellotui.org).”

E para que así conste, aos efectos oportunos e coas salvedades e advertencias establecidas no artigo 206 ROF, emito a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Tui.

Documento asinado dixitalmente á marxe.